

Concello de Viveiro

EXPTE.-6080/2017

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da convocatoria do proceso selectivo para constituir as listas de emprego de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan no Centro de Servizos Sociais do Concello de Viveiro, publicada no BOP de Lugo Nº261, de 14 de novembro de 2017.

Vistas as Bases e Anexos polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as listas de substitutos e interinos na categoría profesional de traballador/a social no Concello de Viveiro.

Vista a base xeral 6.1 que sinala "(...) O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso ás listas. Os membros do Tribunal terán todos voz e voto. A composición do Tribunal de selección publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na súa páxina web".

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal de selección que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don José Luis Gegunde López, Asistente Social-Xefe de servizo dos Servizos Sociais Municipais do Concello de Ribadeo.

Suplente: Don Carlos López González, Traballador Social do Concello de Foz.

VOGAIS:

Titular: Dona Mónica Fernández Lamparte, Psicóloga do Servizo de Prevención de Dependencia do Concello de Ribadeo.

Suplente: Dona Consuelo Cartoy Veiga, Traballadora Social do Concello de Burela.

Titular: Dona María Blanco Pérez, Técnico da Oficina de Emprego de Viveiro.

Suplente: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria do Concello de Viveiro

Titular: Dona Alicia Blanco Pérez, Técnico da Oficina de Emprego de Viveiro.

Suplente: Don Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: Don José Antonio Quelle Gómez, Encargado Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade do Concello de O Vicedo.

Suplente: Dona Ana De La Barrera Vila, Traballadora Social do Concello de Xove.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

deste Concello de Viveiro o ***Venres día 01 de decembro de 2017, ás 9 horas,*** para a súa constitución, proposta de lista de admitidos e excluídos, e para realizar a valoración de méritos acreditados polos aspirantes.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa ,

Ante min, ós efectos do artigo 2.E do
Real Decreto 1174/1987 a Secretaria.,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147